



# XOVES

*I+D+i*

Estimados/as amigos/as:

Hoxe e mañá celébrase en Santiago de Compostela a edición para Europa do cumio internacional da **Iniciativa Global TTS**, unha plataforma internacional de reunión de **expertos en biotecnoloxía, desenvolvemento de tecnoloxías médicas, fármacos, bioindustria e capital de risco** na que participan tamén responsables de grandes empresas farmacéuticas e representantes das principais institucións europeas de investigación. Os organizadores desta edición somos a **Axencia do Coñecemento en Saúde (ACIS)**, a **Fundación Barrié** e a **Axencia Galega de Innovación (Gain)**.

O obxectivo do foro é **fomentar a innovación** e acelerar a **transferencia dos resultados desde a investigación en biotecnoloxía e saúde ao mercado** e, polo tanto, aos pacientes, a través de reunións con líderes de opinión con capacidade para debater e deliberar sobre os desafíos da industria biotecnolóxica e, ao mesmo tempo, o fomento da creación de redes de colaboración. Neste senso, representa unha oportunidade única para avanzar na **internacionalización do sector biotecnolóxico galego**, uníndose así a outras iniciativas postas en marcha no marco da **Estratexia de impulso á biotecnoloxía de Galicia** coordinada pola Axencia Galega de Innovación, que prevé mobilizar **200 millóns de euros ata 2020**, dos que 125 millóns proceden de fondos públicos, a creación de máis de 30 novas empresas biotecnolóxicas e 300 novos empregos especializados.

Deste xeito, a Xunta de Galicia quere dotar ao sector dun **conxunto de programas que den resposta a todas as etapas do proceso innovador**: dende a **incubación** (con incubadoras como a de Janssen), a **proba de concepto** (Ignicia), o **desenvolvemento de proxectos estratéxicos** (unidades mixtas), a **aceleración de proxectos** (Rede galega de aceleradoras), os **fondos de capital risco** (Xesinnova e I2C), entre outros.

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).

---

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS  
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

